

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
EXAME*
UNIDADE 11

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

O EXAME CONSTARÁ DE **DÚAS PREGUNTAS**, CORRESPONDENTE CADA UNHA DELAS A UNHA PARTE. POR UN LADO ESTÁ A **PARTE TEÓRICA**, QUE PUNTUARÁ ATA **CINCO PUNTOS**, E POR OUTRO, A **PARTE PRÁCTICA**, QUE PUNTUARÁ TAMÉN ATA **CINCO PUNTOS**.

PARTE TEÓRICA

PREGUNTA 1. Marque cunha cruz a opción correcta de entre as tres que se propoñen (CADA PREGUNTA FALLADA PENALIZARÁ UNHA PREGUNTA ACERTADA) (puntuación máxima de **5 puntos**):

1. Francia tratou de illar diplomaticamente á Alemaña nazi asinando un acordo com Italia e Reino Unido que tiña entre os seus obxectivos: ☐ renunciar a opoñerse á política armamentística de Hitler ☐ abandonar a participación francesa na Sociedade de Nacións ☐ asegurar a independencia de Austria	2. A Sociedade de Nacións aplicou sancións económicas contra o Goberno italiano de Mussolini despois de que este: ☐ pedise ser membro permanente da Sociedade de Nacións ☐ invadise e conquistase Etiopía ☐ rompese todos os pactos coa Alemaña de Hitler
3. Hitler e Mussolini interpretaron como unha mostra de debilidade a pasividade das democracias occidentais fronte á: ☐ ocupación alemá da zona desmilitarizada de Renania ☐ invasión italiana de Grecia e Checoslovaquia ☐ intervención soviética na Guerra Civil española apoiando ao bando franquista sublevado	4. O estalido da Guerra Civil española provocou que varios países reaccionasen asinando: ☐ un acordo de non intervención en España ☐ un manifesto de apoio e axuda incondicional ao bando republicano ☐ unha declaración de guerra inmediata contra o bando franquista sublevado
5. O Pacto Antikomintern contra a URSS que asinaron Alemaña e Xapón contou tamén coa adhesión de: ☐ Francia e da Inglaterra de Churchill ☐ Polonia e de Estados Unidos de Roosevelt ☐ Italia e a España de Franco	6. As tropas alemás entraron en Viena en 1938 e Hitler anunciou a celebración dun plebiscito para: ☐ manter a independencia de Austria respecto do Reich alemán ☐ ratificar a anexión de Austria ao Reich alemán ☐ renunciar a calquera medida para ampliar o espazo vital
7. As esixencias de Hitler para facer co control da cidade de Danzig e do corredor polaco provocou que Reino Unido e Francia reaccionasen: ☐ rompendo todas as relacións coa URSS ☐ aceptando a entrega destes territorios a Alemaña ☐ declarando o seu apoio á independencia de Polonia	8. Hitler asinou o Pacto xermano-soviético de non agresión co obxectivo de: ☐ contar coa axuda da URSS no caso dun conflito armado contra Italia e Francia ☐ evitar unha guerra en dúas fronteas no caso de conflito com Francia e Reino Unido ☐ lograr a neutralidade de Polonia no caso dun ataque soviético a territorio alemán
9. Stalin xustificou a sinatura do Pacto xermano-soviético de non agresión con argumentos como: ☐ a necesidade de propiciar un ataque alemán sobre territorio soviético ☐ o desexo de iniciar unha etapa de illamento diplomático a evidente hostilidade das potencias occidentais cara á URSS	10. O protocolo secreto do Pacto xermano-soviético de non agresión contiña acordos como: ☐ a ocupación de todo o territorio de Polonia por parte das tropas alemás ☐ o recoñecemento dos dereitos da URSS sobre Finlandia, os países bálticos e Besarabia ☐ a entrega da rexión dos Sudetes á Unión Soviética
11. Hitler e o seu Alto Estado Maior deseñaron unha táctica de guerra que buscaba alcanzar o éxito rápido mediante a penetración no territorio inimigo usando carros de combate, apoiados desde o aire pola aviación, porque: ☐ pretendían que a guerra fose curta ☐ renunciaron a aplicar a estratexia da guerra lóstrego ☐ sabían que a guerra ía alongarse durante varios anos	12. As tácticas militares que aplicaron os exércitos aliados ao inicio da Segunda Guerra Mundial baseábase: ☐ nunha estratexia moi distinta a que levaran a cabo na Primeira Guerra Mundial ☐ no avance da infantaría e na loita em trincheiras ☐ na guerra lóstrego e na rápida penetración em territorio inimigo

13. Os exércitos dos países aliados puideron aproveitar o seu maior potencial económico e demográfico durante a Segunda Guerra Mundial cando: ☐ triunfou definitivamente a estratexia da guerra lóstrego de Alemaña ☐ se alongou a guerra ☐ deixaron de fabricar armamento e de ampliar o exército	14. Entre os avances científico-técnicos que se aplicaron durante a Segunda Guerra Mundial estaban: ☐ a invención do tanque de combate ☐ o rádar británico ☐ a enerxía atómica utilizada por Xapón contra Estados Unidos
15. Italia entrou na Segunda Guerra Mundial do lado de Alemaña lanzando unha ofensiva sobre a colonia británica de Exipto porque pretendía: ☐ acceder ao petróleo de Libia e Etiopía ☐ chegar ao canal de Suez para obstaculizar as comunicacións de Gran Bretaña co seu império ☐ derrotar o Afrika Korps en Oriente Próximo	16. Hitler decidiu intervir na zona dos Balcáns durante a Segunda Guerra Mundial porque: ☐ fracasou o intento de invasión de Grecia por parte de Italia ☐ triunfou a invasión de Checoslovaquia por parte de Albania ☐ enviou o Afrika Korps para ocupar Bulgaria e Romanía
17. Entre os países das zona dos Balcáns que asinaron pactos para combater do lado de Alemaña na Segunda Guerra Mundial estaban: ☐ Croacia e Ucraína ☐ Armenia e Romanía ☐ Hungría e Bulgaria	18. Iugoslavia e Grecia foron dous países que durante a Segunda Guerra Mundial: ☐ permaneceron neutrais ☐ foron ocupados polas tropas do Eixe ☐ permaneceron baixo o dominio da Unión Soviética
19. Entre os territorios que dominaba Xapón en 1942 na zona do Pacífico estaban: ☐ Indochina, Bangladesh e Australia ☐ Indonesia, a illa de Guam e Nova Zelandia ☐ Birmania, Filipinas e as illas Salomón	20. As tropas xermanas víronse obrigadas a capitular na batalla de Stalingrado debido a motivos como: ☐ a chegada de numerosos reforzos desde Alemaña ☐ os efectos da fame e do frío ☐ as altas temperaturas do verán ruso
21. A capitulación de Berlín e a rendición incondicional de Alemaña na Segunda Guerra Mundial provocaron que o conflito: ☐ finalizase xa nese mesmo momento ☐ se mantivese ata a celebración da Conferencia de Ialta ☐ continuase aínda con combates no Océano Pacífico	22. O lanzamento das bombas atómicas sobre as cidades xaponesas de Hiroshima e Nagasaki en agosto de 1945 foi unha decisión que tomou: ☐ o presidente estadounidense Harry Truman para evitar o alongamento da guerra ☐ o congresista Franklin Delano Roosevelt para prolongar a guerra no Océano Pacífico ☐ o emperador xaponés Hirohito para evitar a rendición do seu país na guerra
23. A prolongación da Segunda Guerra Mundial máis alá do que crían os dirixentes da Alemaña nazi fixo que este país decidise: ☐ manter o esforzo da guerra só cos recursos existentes em territorio alemán ☐ deseñase unha campaña de explotación, saqueo e rapina dos recursos dos países ocupados ☐ recibise numerosos apoios económicos e humanos de parte dos países do bando aliado	24. Os campos de traballo que se estableceron na Segunda Guerra Mundial baixo control das SS e de grandes conglomerados industriais: ☐ abundaban especialmente en Europa oriental ☐ utilizaban unicamente man de obra escrava no oeste de Europa ☐ recluían principalmente a poboación de razas consideradas autenticamente alemás polo nazismo
25. A Organización das Nacións Unidas creouse coa intención de exercer como unha nova organización internacional que mantivese a paz e a seguridade internacionais: ☐ en 1945 na Conferencia de Postdam ☐ en 1945 na Conferencia de San Francisco ☐ en 1949 no Tratado do Atlántico Norte	26. Entre os fins da ONU, que están fixados na Carta das Nacións Unidas, están: ☐ a estimulación da loita contra os dereitos e liberdades ☐ o recoñecemento do dereito á libre determinación dos pobos ☐ a cooperación pacífica para impedir a independencia das colonias dos grandes imperios
27. A Asemblea Xeral é un organismo da ONU que está formado por todos os Estados membros e que ten entre as súas funcións: ☐ emitir recomendacións ☐ eliminar o dereito de veto dos membros permanentes ☐ elaborar resolucións de obrigado cumprimento para todos os países membros da organización	28. Entre os Estados que teñen a condición de membros permanentes do Consello de Seguridade da ONU están: ☐ Estados Unidos e Alemaña ☐ Xapón e Francia ☐ Rusia e China
29. Todos os países membros da ONU están obrigados a: ☐ exercer como membros permanentes do Consello de Seguridade ☐ cumprir as resolucións do Consello de Seguridade ☐ ter un secretario xeral da ONU nacido no seu país ao longo da historia da organización	30. A Secretaría Xeral da ONU está formada por un corpo de funcionarios e por un secretario xeral que é elixido: ☐ cada dous anos entre os dez membros permanentes do Consello de Seguridade ☐ cada catro anos nas eleccións celebradas en cada un dos Estados membros ☐ cada cinco anos pola Asemblea Xeral da ONU

PREGUNTA 2. Realice un comentario do seguinte bloque de documentos históricos seguindo os pasos e pautas de comentario que aparecen a continuación (ESTENSIÓN APROXIMADA: 50-60 LIÑAS OU 500-600 PALABRAS) (puntuación máxima de **5 puntos**):

BLOQUE DE DOCUMENTOS 3

ORIENTACIÓNS: A partir dos dous documentos que se guen debes elaborar un comentario sobre **ás consecuencias da Segunda Guerra Mundial**. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: **as perdas humanas, os efectos morais, as consecuencias económicas, as consecuencias políticas, as conferencias de paz (DOCUMENTO 22) e os cambios territoriais (DOCUMENTO 24)**. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar un **comentario coherente e argumentado**, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Pasos a seguir para o comentario con dous documentos históricos

1. PASO 1: **INTRODUCCIÓN** (explicación xeral e definición da Segunda Guerra Mundial)
2. PASO 2: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO PREVIO** (perdas humanas, facendo referencia á cantidade de vítimas, desprazamentos de poboación, efectos morais, facendo referencia ao intenso trauma que causou a guerra e ao cuestionamento de todos os valores éticos da sociedade occidental, á creación do primeiro tribunal internacional e á celebración do xuízo de Núremberg, consecuencias económicas, facendo referencia ás destrucións provocadas pola guerra, aos problemas financeiros que causou, á consolidación da posición hexemónica de Estados Unidos e á confirmación da URSS como segunda potencia mundial e, finalmente, consecuencias políticas, coa división de Europa en dúas áreas, con dous sistemas políticos e económicos antagónicos)
3. PASO 3: **COMENTARIO DO PRIMEIRO DOCUMENTO** (conferencias de paz e cambios territoriais, facendo referencia á Conferencia de Ialta (DOCUMENTO 22))

DOCUMENTO 22. CONFERENCIA DE IALTA



22. Conferencia de Ialta.

Pautas a seguir para o comentario da imaxe histórica

- a) CLASIFICACIÓN
- Título
 - Natureza da imaxe
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (fotografía, pintura, gravado, cartel, debuxo, caricatura, portada de prensa, anuncio...)
 - En función do seu contido (político, militar, económico, social, cultural...)
 - Época na que foi realizada
 - Lugar no que foi realizada
 - Autor ou autores
 - Destino
 - Intención e obxectivos
- b) ANÁLISE
- Tema
 - Temas ou ideas secundarias
- c) COMENTARIO
- Explicación do tema ou temas que trata a imaxe, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se obtivo ou elaborou a imaxe
 - Análise dos elementos da imaxe que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir
- d) CONCLUSIÓN
- Valoración crítica da imaxe como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)
4. PASO 4: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO INTERMEDIO** (celebración de máis conferencias de paz e desenvolvemento de máis cambios territoriais, facendo referencia especialmente á Conferencia de Postdam)
5. PASO 5: **COMENTARIO DO SEGUNDO DOCUMENTO** (cambios territoriais en Europa como resultado das conferencias de paz)

DOCUMENTO 24. CAMBIOS TERRITORIAIS EN EUROPA



Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do mapa
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-físico, histórico- político, histórico-topográfico, histórico-urbano...)
 - En función do seu contido (político, económico, agrario, industrial, militar...)
- Época na que foi realizada
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos achega

c) COMENTARIO

- Explicación do tema ou temas que trata o mapa, **sempre en relación e facendo referencia ao contido do documento**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas que inflúen na configuración do mapa
 - Análise dos elementos do mapa que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

6. PASO 6: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO FINAL** (decisión sobre o territorio e o imperio xaponés en Asia, territorios que recibiron a URSS e China no continente asiático e división de Corea en dúas zonas de ocupación)